

Semana da CREA TIVIDADE *e da innovación*

- Ciclo de conferencias
- Exposición
- Proxecto Ciclogreen
- Premios CREA



Do 19 ao 23 de abril
de 2021
Campus de Pontevedra

[uvigo.gal/campus/
pontevedra-campus-crea/campus-crea](http://uvigo.gal/campus/pontevedra-campus-crea/campus-crea)



Desenho: Area de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais. Fotografía: Pexels, Rakicevic Nenad

Semana da CREA TIVIDADE e da innovación



Do 19 ao 23 de abril
de 2021
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo

Semana da creatividade e da innovación

Do 19 ao 23 de abril de 2021
Campus de Pontevedra

Ciclo de conferencias

Luns 19 de abril ás 11.00 h

Fisioterapia oncolóxica

Marta Gómez Nicolás, Oncowellness, Madrid
Aula magna da Facultade de Fisioterapia

Venres 23 de abril ás 13.00 h

Economía ecolóxica, novas ideas para a sustentabilidade

Doutor Xavier Simón Fernández, Universidade de Vigo
Salón de graos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Xoves 22 de abril ás 13.00 h

Pautas para unha alimentación saudable

Jorge Ascariz Peiteado, nutricionista, A Coruña
Salón de graos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Campus Remoto

Reitoría. Sala 15: Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Acceso: <https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/999218868>

Contrasinal alumnado: Ky8fRT

campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/999218868



Exposición

Do 19 ao 23 de abril

12 + 1. Os Xogos Olímpicos nos últimos 50 anos

a través da interpretación de Carlos David Illescas Vacas
coa colaboración do Centro de Estudos Olímpicos da Universidade de Vigo
Sala de exposicións da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
(Casa das Campás)

Proxecto Ciclogreen

Durante o mes de abril a UVigo participa no proxecto Ciclogreen, un programa que fomenta a mobilidade sustentable entre a comunidade universitaria.

Premios CREA-Creatividade e innovación

Trátase de premiar calquera obra que sexa creada polo alumnado da Universidade de Vigo que implique a participación de estudantes de alomenos dous ámbitos de coñecemento do campus de Pontevedra, e cuxa participación quede reflexada na obra por ser recoñecible o seu ámbito. A natureza da obra será totalmente aberta.

Modalidades dos premios:

Recoñecemento público outorgado pola Universidade de Vigo a través dunha certificación oficial que, de ser posible, será entregada nun acto institucional organizado a tal efecto. En base á colaboración entre a Universidade de Vigo e o Consello Social, serán dotados economicamente:

- Primeiro premio: 1.500,00 €
- Segundo premio: 1.000,00 €
- Terceiro premio: 500,00 €

Requisitos dos participantes

- Alumnos/as que no momento da convocatoria se atopen matriculados na Universidade de Vigo no curso 2020-2021.

- Deberá ser creada por alumnado pertencente a alomenos dous ámbitos de coñecemento do campus de Pontevedra.

- A solicitude deberá contar co visto e prace de todos/as os/as coautores/as da obra, salvo imposibilidade xustificada. Consideraranse beneficiarios/as a efectos de certificación da resolución de concesión e da dotación económica a todos/as os/as autores/as da obra.

Solicitudes e prazo de presentación

Os/as interesados/as presentarán na sede da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra un sobre aberto coa seguinte información: unha breve descrición da obra, o título da mesma e o nome dos/as autores, unha breve memoria explicativa do desenvolvemento do proxecto que permita coñecer a cooperación entre as diferentes disciplinas implicadas. Tamén presentarán a obra.

De non ser posible por dificultades de traslado ou por causa xustificada, deberase explicar o motivo e deberá presentarse unha entrega dixitalizada da obra (imaxes da obra en alta resolución -formato jpg-, vídeo da obra, etc.).

O prazo para a presentación de solicitudes remata o 18 de xuño de 2021 ás 14 h.

Resolución reitoral completa: <https://www.uvigo.gal/campus/pontevedra-campus-crea/campus-crea>